



Concello do Porriño

### Decreto de Alcaldía

**Procedemento: Procedemento selección alumnos/as traballadores/ras participantes no obradoiro de emprego "Porriño Labora 2021" subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade (código de procedemento TR353A)**

**Expediente Gestiona: 715/2021**

**Núm. expediente1 : 36/00029/2021**

A xefa do Servizo de Coord. Admva. e Xestión Económica da Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo do Servizo de Formación e Colocación, remite Resolución de concesión de subvención ao Concello do Porriño, por importe de 346.946,00 € euros, con cargo ao orzamento da Consellería de Emprego e Igualdade para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego, para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado "PORRIÑO LABORA" para 20 alumnos/as traballadores/as.

Esta Alcaldía-presidencia, tendo en conta as bases da subvención, a Circular número 6/2021 de data 15/06/21, as bases do e de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 21 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro; e o RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, **DECRETA:**

**Primeiro.-** Designar o tribunal cualificador para **selección persoal directivo, docente e administrativo** que estará composto polos membros seguintes:

**Presidente:** D. Julio Bernárdez Álvarez, Técnico de Deportes - Coordinador do Concello do Porriño, sendo a súa suplente D<sup>a</sup>. Elena Pérez Álvarez, Tesoureira municipal do Concello do Porriño.

**Secretario:** D. Eduardo Portela Fernández, Secretario da corporación, sendo o seu suplente D. Daniel Rodríguez González, Inspector Xefe da Policía Local do Concello do Porriño

#### Vogais:

- D<sup>a</sup>. Maria del Carmen Ramírez Costas, Traballadora Social do Concello do Porriño, sendo a súa suplente D<sup>a</sup>. Paula García Jara, Técnica Administración Xeral do Concello do Porriño

- D<sup>a</sup>. María José Monteagudo Gamallo, Administrativa do Concello do Porriño, sendo o seu suplente D. Albino Alonso Rodríguez, Técnico Encargado Biblioteca Municipal

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Eva García de la Torre (1 para 2)  
Alcaldesa do Porriño  
Data de Sinatura: 08/10/2021  
HASH: e8ca41b399a8a837f1d9684cf5b6b

Eduardo Portela Fernández (2 para 2)  
Secretario Xeral  
Data de Sinatura: 08/10/2021  
HASH: 9bae0a3230e1f4eb9ac4e6d072e

**DECRETO**  
Número: 2021-2409 Data: 08/10/2021  
Cod. Validación: 5ZXS549PZ9L37XSDJC9RQSYTG | Corrección: https://opinio.sedelectronica.gal/ | Plataforma xestión pública | Páxina 1 a 2



Concello do Porriño

**Segundo.-** Convocar aos membros do Tribunal para o mércores día 13/10/21, ás 08:30 horas, no edificio Multiusos de Torneiros, para constitución e preparación da primeira proba que consistirá en realizar unha entrevista aos/ás aspirantes admitidos/as e proba práctica de coñecementos informáticos ao persoal administrativo.

**Terceiro.-** Convocar aos membros do Tribunal para o mércores día 14/10/21, ás 09:00 horas, no edificio Multiusos de Torneiros, para segunda proba que consistirá en realizar baremación dos méritos alegados polos/as aspirantes admitidos/as.

**Cuarto.-** Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, e na páxina web municipal [www.oporriño.org](http://www.oporriño.org), sección porremprego.

**Documento asinado electrónicamente na marxe**

Concello do Porriño	
TABULEIRO DE ANUNCIOS MUNICIPAL	
DOCUMENTO:	
Data inicial de exposición:	11/10/21
Data final de exposición:	15/10/21
Código de documento: de	

**DECRETO**  
Número: 2021-2409

Data: 08/10/2021



Cod. Validación: SZXS49PZ8L3TX5DJCRQSYTG | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 2 a 2

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579